<table>
<tr><td>1º</td><td>Argumento</td><td>Os feitos narrativos que se escollen<br>De O Final do arco da vella, de Lordvasq e Mavaro</td></tr>
<tr><td>2º</td><td>Distribución da acción nas viñetas</td><td>
<table>
<tr><th>Nº de viñeta</th><th>ACCIÓN (que acontece) e CONTIDO (espazo, personaxes)</th><th>TEXTO (diálogos e/ou narrador)</th><th>PLANO escollido</th></tr>
<tr><td>1</td><td>No medio do espazo, vese unha nave solitaria. Apréciase un berro que provén de dentro da nave.</td><td>Cartela: ANO 2687<br>Globo: POR FIN O CONSEGUÍN!</td><td>Panorámico</td></tr>
<tr><td>2</td><td>Achegamento á nave, a unha sección vista desde o exterior.</td><td>Globo: MÁIS DE VINTE ANOS NESTA LATA OXIDADA, PERO POR FIN!</td><td>Panorámico</td></tr>
<tr><td>3</td><td>Cara dun home de mediana idade, delgado e con expresión de malestar.</td><td>Globo: ELES RÍRONSE DE MIN.</td><td>Primeiro</td></tr>
<tr><td>4</td><td>Vista do interior da nave. O tripulante vese de costas, virado cara a unha máquina no centro.</td><td>Globo de pensamento: E FANSE CHAMAR CIENTÍFICOS!</td><td>Xeral</td></tr>
<tr><td>5</td><td>Nun plano máis próximo, o home senta nunha máquina da que colga un casco con varios electrodos que se conectan á nave.</td><td>Globo de pensamento: HOXE VERÁN QUE NON ESTOU TOLO, QUE SON POSIBLES CONTACTOS ESPIRITUAIS.</td><td>Enteiro</td></tr>
<tr><td>6</td><td>O protagonista pon o casco.</td><td>--</td><td>Americano picado</td></tr>
<tr><td>7+8</td><td>Vese o rostro do home co casco posto. A continuación, mostra a cara contraída pola dor.</td><td>Berro de dor sen globo: AAARRGH!</td><td>Primeiro</td></tr>
<tr><td>9+10+11</td><td>Afastamento progresivo da nave ata que desaparece no espazo.</td><td>Berro de dor sen globo: AAARRGH!</td><td>Panorámico</td></tr>
</table>
</td></tr>
<tr><td>3º</td><td>Distribución das viñetas na páxina</td><td>Tamaño e disposición das viñetas en cada tira e na plana.<br>1 / 4 / 6<br><br>Algunhas ordenacións clásicas das viñetas na páxina.<br><br>Recursos que poden conter: viñeta seccionada; berro superposto ás viñetas.</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| 4º | Composición |  |